

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 20 de decembro de 2018, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Preguntas**

- 1.1 33590 (10/POC-005261)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis  
Sobre o balance pola Xunta de Galicia das medidas de bonificación do prezo de venda e adjudicación en dereito de superficie no conxunto de Galicia  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 342, do 27.07.2018*
- 1.2 33715 (10/POC-005283)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Fernández Prado, Martín e 7 máis  
Sobre a implantación do plan de accesibilidade dos autobuses interurbanos ao centro da cidade da Coruña  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 344, do 01.08.2018*
- 1.3 36482 (10/POC-005809)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón  
Sobre as xestións levadas a cabo pola Xunta de Galicia para evitar as molestias ocasionadas ás persoas usuarias polas obras da AP-9 na ponte de Rande, a apertura dalgún expediente e a imposición dalgunha sanción polo Ministerio de Fomento á empresa concesionaria, así como a dispoñibilidade polo Goberno galego de informes referidos á situación da ponte en materia de seguridade ao longo do ano 2018 e as razóns da colocación do resalte de caucho ao inicio dela, en dirección ao Morrazo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 359, do 20.09.2018*
- 1.4 37587 (10/POC-005935)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 3 máis

Sobre a aplicación polo Goberno galego na actualidade do plan de erradicación e control da herba da Pampa, en Galicia e, se é o caso, os seus resultados e a remisión aos concellos, en particular á Alcaldía de Sanxenxo, do folleto da Consellería do Medio Rural con recomendacións prácticas para a súa prevención, control e eliminación, así como o coñecemento da situación do polígono de Nantes, asolagado por esa especie

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 365, do 03.10.2018*

1.5

39497 (10/POC-006186)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o apoio público amosado polo Goberno galego a un proxecto deportivo e comercial de carácter privado nas parroquias de Tameiga e Pereiras, no concello de Mos, a xustificación do interese público do uso de terreos de monte comunal para a súa execución e a relación existente entre ese proxecto e a modificación da Lei do solo inserida no Proxecto de lei de acompañamento dos orzamentos de 2019, así como as previsións da Xunta de Galicia respecto da avaliación do seu impacto no tecido comercial da zona

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 380, do 06.11.2018*

1.6

40492 (10/POC-006318)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do posible carácter vertebrador como infraestrutura viaria do eixe formado pola estrada AC-533, a ponte de Catoira e a EP-8001, así como a realización dalgunha análise da posibilidade de asumir a súa titularidade

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 391, do 29.11.2018*


1.7

40972 (10/POC-006391)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e 2 máis

Sobre o tipo de traballos levados a cabo recentemente por Augas de Galicia na zona de Viveiro afectada polos asolagamentos, a data e o contido dos informes realizados en relación co estado dos ríos e a posta á disposición do concello por parte da Xunta de Galicia de todos os mecanismos necesarios para coñecer os riscos de desbordamento, así como as súas previsións respecto da chegada dos medios precisos para recuperar as zonas da Mariña afectadas polas riadas



*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 394, do 05.12.2018*

**Punto 2. Proposición non de lei**

2.1 39553 (10/PNC-003179)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a convocatoria por parte do Goberno galego da Comisión de seguimento do convenio de colaboración para o desenvolvemento conxunto do transporte metropolitano de Galicia na área de transporte metropolitano de Vigo, así como a inclusión na orde do día da solicitude de integración presentada polo Concello de Gondomar para o seu tratamento e aprobación

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 380, do 06.11.2018*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 10 de decembro de 2018

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Jaime Castiñeira Broz na data 10/12/2018 13:15:49**